



Moción que presenta o Grupo Municipal de Terra Galega, para a súa inclusión na orde do día do próximo pleno, para o seu debate e aprobación ao abeiro do establecido na lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto 2568/1986, de 29 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xuridico das Entidades Locais, artigo 97.3:

MOCIÓN RELATIVA Á RETRANSMISIÓN EN DIRECTO A TRAVÉS DA INTERNET, GRAVACIÓN E ALMACENAMENTO DOS PLENOS MUNICIPAIS E DAS MESAS DE CONTRATACIÓN, CON SERVIZO DE TRANSCRIPCIÓN E VIDEOACTAS DIXITAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende Terra Galega, cremos necesario dar un novo impulso á transparencia, á participación cidadá e á pluralidade informativa como resposta á demanda de máis transparencia e rendición de contas por parte do Goberno Municipal, tal e como establece a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Neste sentido, consideramos que o Goberno Municipal debe optar por facilitar aos cidadáns e ás cidadás, o acceso á información, creando un concello máis transparente e participativo, coa finalidade de conseguir unha sociedade máis xusta, informada e, sobre todo, implicada no seu propio desenvolvemento.

Os Plenos, máximo órgano de representación política dos cidadáns e as cidadás, teñen gran importancia como actividade municipal ao marcar o ritmo de crecemento e desenvolvemento da nosa vila dende a vertente política.

Por este motivo, os/as veciños/as teñen o dereito a estar informados de todos e cada un dos asuntos que se traten no Pleno, e máis, tendo en conta que é alí, onde se deciden os asuntos que lles conciernen máis directamente, onde se toman as decisións que teñen que ver coa súa contorna máis próxima e que repercuten directamente na súa vida cotiá e no seu benestar, polo que é imprescindible facer chegar as posturas, opinións e actuacións dos seus representantes a todos os cidadáns e as cidadás de Carballo.

É a nosa obriga mellorar a calidade da política, facilitando, aos veciños e veciñas, fontes máis amplas de información, e non conformarnos con que os/as carballeses/as acudan ás sesións plenarias en horarios que en moitos casos resultan incompatibles coas súas vidas laborais e familiares.

Nalgúns concellos, polo menos, publican as actas das sesións plenarias. Neste, nin iso. Só se publican, na web municipal, as partes das Xuntas de Goberno e dos Plenos que interesan ao Goberno.

Para Terra Galega, a transparencia é fundamental. As cidadás e os cidadáns de Carballo, teñen dereito a dispoñer de toda a información relativa á xestión do noso concello. Un dos maiores focos de corrupción ten lugar no proceso de adxudicación de obras e contratos. Coa gravación da mesa de contratación e a súa publicación na web municipal, os/as veciños/as coñecerán de primeira man, o proceso de adxudicación de obras e contratos, e saberán os motivos técnicos polos que se contrata a unha empresa.

Así mesmo, a Corporación Municipal, debe integrar aos nosos veciños e veciñas na política local, e garantir que toda a información que lles poida chegar sexa completa, obxectiva, confiable, relevante e fácil de atopar e entender. Para iso, non hai información máis obxectiva que a que se transmite de xeito directo, sen censura nin filtros que poidan provocar a perda dunha parte desa información. Por isto, para maior transparencia, os Plenos Municipais e as Mesas de Contratación deberíanse gravar en vídeo, retransmitilos en directo e expoñelos e almacenalos na web municipal sen cortes.

Dende o Grupo Municipal de Terra Galega, entendemos que esta medida permitiría aos carballese e ás carballese, a posibilidade de ver e escoitar os debates, e tamén, o posicionamento das diferentes formacións políticas ante os problemas da cidadanía. Esta é unha oportunidade para achegar a vida política e municipal aos cidadáns/ás.

As videoactas

O ficheiro resultante da gravación xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentación da sesión, poderán acompañar as actas das sesións. A este ficheiro coñéceselle como videoactas.

A videoacta é un documento multimedia, composto polo menos por:

- O contido completo de todo o ocorrido no Pleno, Xunta, Mesa de Contratación, etc.
- Capacidade para emisión en directo
- A acta sucinta co resumo de acordos alcanzados.
- Firma electrónica de curso legal da persoa ou persoas que legalmente deban asinar a acta.

Beneficios da videoacta:

•Simplificación administrativa.

As actas xéranse de forma automática, aforrando custos.

Nalgunha sesión plenaria, o Grupo Municipal de Terra Galega, votamos en contra da acta do Pleno. De existir videoacta, estas discrepancias non se terían producido.

•Transparencia,

Máxima difusión da vida institucional do Concello de Carballo, con retransmisións, tanto en directo como en diferido.

•Eficiencia

Os/as traballadores/as do concello, os/as concelleiros/as e os/as cidadáns/ás dispoñerán dun proceso optimizado de procura de actas.

Conclusións:

- Concello máis transparente.
- Solución sustentada xuridicamente.
- Funcionario público dedicado a tarefas de valor engadido.
- Obxetividade na elaboración de actas.
- A interpretación trasládase ao cidadán/á sen filtros previos.
- Rápida implantación.
- Pouca resistencia ao cambio.

Baixo o noso punto de vista, non caben razóns nin argumentos de tipo económico ou de audiencia, para non retransmitir en directo, gravar e almacenar os plenos municipais e as mesas de contratación, en vídeo, a través da web municipal.

Por outra banda, as Administracións Públicas temos a obriga de desenvolver políticas que axuden e permitan facer chegar unha información o máis detallada posible aos cidadáns e as cidadás, tal e como se reflicte o artigo 69.1 a Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local: “As Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os/as cidadáns/as na vida local.”

Finalmente, hai que engadir que o pleno é público, tal e como establece o artigo 70 da Lei 7/85 citada.

Por todo o anterior exposto, o Grupo Municipal de Terra Galega Carballo, presenta esta moción ao Pleno da Corporación para que adopten os seguintes acordos:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar ao Alcalde-Presidente a autorizar a gravación íntegra dos Plenos da Corporación así como, as Mesas de Contratación, en formato vídeo, así como a desenvolver os mecanismos necesarios para retransmitilos en directo, a través da web municipal, con servizo de transcripción e videoactas dixital.
2. Que no espazo máis curto de tempo posible, se dean os pasos necesarios para retransmitir en directo, dende a páxina web oficial deste concello, o desenvolvemento dos Plenos Municipais e das Mesas de Contratación.
3. Que as gravacións se expoñan, sen cortes, na páxina web municipal, de modo que se vexa e escoite a toda a corporación municipal, e todas as intervencións de cada un dos representantes públicos de forma completa.

Carballo a, 17 de febreiro de 2020



Asdo.: Don Andrés Eiris Barca

Voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO